



REGULAMENTO CONCURSO TRIPLAS III EDICIÓN LIGA SENIOR 3X3 FUNDACIÓN BREOGÁN

1. DESEÑO CONCURSO DE TRIPLAS

DATAS:

O concurso de triplas disputarase durante os días 24, 31 de maio e 7 de xuño. O 9 de xuño (domingo), só levarán a cabo as semifinais e a final.

PARTICIPANTES:

No concurso participarán 2 membros de cada equipo, a elección do mesmo. A organización deberá recibir os nomes dos rexistrados antes do 17 de maio.

SISTEMA DE COMPETICIÓN:

Cada rexistrado no concurso de triplas realizará 2 roldas clasificatorias durante os 2 días de competición regular (unha o día 24 e outra o día 31).

Da suma do total dos puntos obtidos, obteranse os 8 clasificados para os cuartos de final, que se disputarán o venres 7 de xuño. No caso que haxa xogadores empatados, realizarase unha rolda de desempate no mesmo formato.


O venres 7 de xuño, os 8 primeiros clasificados levarán a cabo, cada un deles, unha rolda clasificatoria (mesmo formato que en liga regular). A orde para tirar será de últimos a primeiros segundo a clasificación. Os 4 con mellor puntuación serán os clasificados para as semifinais do domingo 9 de xuño.

REGRAS DE COMPETICIÓN:

1. En cada rolda clasificatoria lanzaranse, por rexistrado, **25 tiros de 3 puntos**. Os balóns colocaranse nas dúas esquinas, 45 graos e posición central (imaxe 1). Haberá 5 balóns por posición. O xogador elixirá en cal das 5 posicións de tiro o valor dos lanzamentos anotados terá valor dobre.
2. Cada xogador dispoñerá de 1 minuto e 30 segundos para completar todas as posicións.
3. Cada triplo encestado terá o valor de 1 punto, exceptuando os da posición elixida polo xogador que valerán dobre.
4. **NOVIDADE:** o último tiro realizarase desde a posición central, de **8 metros** aproximadamente e diante dun obstáculo defensivo. En caso de anotalo, a súa puntuación será de **5 puntos**.
5. Os membros do equipo, serán os encargados de rebotear e colocar os balóns nas súas posicións correspondentes (as dúas primeiras posicións xa dispoñerán dos **5 balóns en cada unha delas/delas**).

Sempre se empezará, pola esquina dereita, situándonos na liña de tiros libres e mirando cara a canastra.

1. A organización, unha vez recibidas todas as inscricións, publicará o calendario coa orde de competición de cada participante.
2. Para o queceamento dispoñeredes dunha canastra auxiliar colocada fóra das pistas de competición. Todas as roldas clasificatorias levarán a cabo nas canastras da pista principal do Pazo Dos Deportes.



Imaxe 1.